



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 8 DE MARZO DE 2016.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día 8 de marzo de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

Non asiste a Dna. M^a Montserrat Magallanes Alvarez.

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 24.02.2016)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 24 de febreiro de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

PUNTO 2.- INFORMES XURÍDICOS

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 2 de marzo de 2016 dando conta do decreto de tesación de costas ditado pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG de 23 de febreiro de 2016 no recurso de apelación nº 4501/14 entablado por Dna. Mercedes Marquez Lomba contra sentenza do 30.09.2014 do Xulgado do C-A nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso nº 293/13 contra acordo plenario do Concello da Guarda polo que finalizou expediente de investigación de oficio dunha rampa existente na rúa da Cal.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 2 de marzo de 2016, comunicando o decreto ditado o 18 de xaneiro de 2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 667/14 entablado pola Administración concursal da Entidade Mercantil Castillo de Santa Cruz, S.L. contra decreto da alcaldía nº 682/14, de 25 de setembro denegatorio da solicitude de certificación acreditativa de silencio administrativo positivo de recepción da obras de urbanización realizadas pola recurrente.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada do decreto que se comunica e acorda dar traslado ó departamento de urbanismo para a súa constancia no expediente.

PUNTO 3.- INFORMES DE SERVIZOS SOCIAIS

Dáse conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 16 de febreiro de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. F.V.V..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por dependencia.

Dáse conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 5 de febreiro de 2016 relativo á modificación de horas no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. A.E.G.G. a partir do 05/02/2016 que pasará a 21 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta modificación.

PUNTO 4.- INFORME DA POLICÍA LOCAL

Dáse conta do informe do Oficial Xefe da Policía Local da Guarda de data 2 de marzo de 2016 sobre o pintado dunhas liñas amarelas para a prohibición do estacionamento diante do vado da vivenda sita en Malteses, nº 117 (con entrada polo paseo marítimo). Segundo dito informe dito pintado non conta con ningún tipo de supervisión nin autorización para elo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle ó titular do vado que debe proceder a borrar ditas liñas.

PUNTO 5.- CUOTAS DA PRAZA DE ABASTOS.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de FEBREIRO de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

PUNTO 6.- PLAN DE OCUPACIÓN DE SERVIZO DE TEMPORADA

Visto o Plan de Ocupación de Servizos de Temporada do Concello da Guarda para o ano 2016 seguinte,

SOLICITANTE	UBICACIÓN	SUPERFICIE	TIPO DE INSTALACIÓN
Concello da Guarda C.I.F. P-3602300J	Praia do Muiño	20 m ²	kiosko e terraza



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Concello da Guarda C.I.F. P-3602300J	Praia da Lamiña	20 m ²	kiosko e terraza
---	-----------------	-------------------	------------------

Informar favorablemente e polo tanto aprobar este Plan de Ocupación de Servizos de Temporada remitíndoo ó Servizo Provincial de Costas para a súa tramitación.

PUNTO 7.- INSTANCIAS

Lese o escrito R.E. n.º 944 de data 12 de febreiro de 2016 presentado por D^a. E.B.M., con enderezo na rúa Outeiro, nº 62, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Outeiro, nº 62.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.146 de data 22 de febreiro de 2016, presentado por D^a. E.V.C., con enderezo na rúa Buxán-Laxes, nº 9 de A Guarda, actuando en representación de D. J.V.G., solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Laxes-Buxán, nº 9.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2017 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 936 de data 12 de febreiro de 2016, presentado por D. J.L.M.U., con enderezo na rúa 1ª Transv. Roda, nº 6 de A Guarda, actuando en representación de D^a. T.L.E., solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa 1ª Transv. Roda, nº 6.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 13.01.2017, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 264 de data 14 de xaneiro de 2016, presentado por D^a. M^a.C.A.F. con enderezo na rúa Manuel Alvarez, nº 6-2ºC de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Manuel Alvarez, nº 6-2ºC.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2017 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 1.226 de data 25 de febreiro de 2016, presentado por D^a. M^a.C.S.B. c on enderezo na rúa Avda. de San Lorenzo, nº 19 de A Guarda solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Avda. de San Lorenzo, nº 19.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 29.01.2017, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 1.257 de data 26 de febreiro de 2016, presentado por DNA. CARMEN MARIA ALONSO PEREZ, con enderezo na rúa Malteses, nº 56 da Guarda, solicitando que se arranxe a rúa Malteses.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se tomarán as medidas oportunas en canto haxa dispoñibilidade.

FORA DA ORDE DO DÍA

Vista a Resolución do 17 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- solicitar unha subvención ó abeiro desta convocatoria para a Festa da Lagosta.
- financiar o importe que non resulte subvencionado do orzamento ata o importe total da execución.

Sendo as nove horas e corenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.